



Pautas técnicas para subtitular vídeos de elaboración propia

1. Duración

Cómpre seguir o pautado na guía xeral, de 5 minutos como máximo. Os vídeos con duración superior a 5 minutos serán descartados. Deste xeito se un REA dura dúas semanas e ten seis sesións con vídeos en todas elas a duración do total de minutos de vídeos estipulada deberá ser de 30 minutos como máximo.

2. Velocidade da narración

A velocidade da narración ha de adecuarse ao número de estruturas gramaticais empregadas xa que, ao ter que respectar o máximo de caracteres por subtítulo e estes á súa vez han de respectar un tempo mínimo de visionado en pantalla, se se narra demasiado rápido atoparémonos cun desaxuste entre a cantidade de caracteres visualizados en pantalla (demasiados) e o tempo dispoñible para deles (moi pouco).

3. Claridade articulatoria

Débese pronunciar con claridade para que o subtitulado automático poida recoñecer todas as palabras e non as confunda con outras de articulación parecida. Marcar todas as sílabas.

4. Lonxitude de estruturas

A menor número de palabras na narración, maior facilidade para elaborar o subtitulado debido a que se poderán cadrar mellor as liñas co número de caracteres estipulado (como máximo 35 caracteres por liña) e facilitarase a lectura.

Exemplo:

- MÁIS DIFICULTADE PARA SUBTITULAR “A continuación // preséntase unha táboa na cal// poderemos observar // os datos que necesitamos para o exercicio” (4 liñas de subtitulado).
- MENOS DIFICULTADE PARA SUBTITULAR “Nesta táboa // vemos todos os datos necesarios” (2 liñas de subtitulado).

5. Normas de subtitulado

Se fose posible, xa que o subtitulado automático non nolo dá, sería recomendable seguir as normas do subtitulado que aparece na guía, non sendo isto obrigatorio, a condición de que o subtitulado sexa claro e coherente.

6. Ton

É necesario empregar o ton adecuado para que o subtitulado automático recoñeza as preguntas ou exclamacións e non crear confusión.

7. Formato do subtitulado

Para levar a cabo o subtitulado, hai que ter en conta estes aspectos respecto ao formato:

Fonte: letra Sans Serif tipo Arial.

Tamaño: isto vai en función dos píxeles, de forma xeral será tamaño 18 ou 20.

Cor: o máis adecuado é **amarelo con fondo negro**, aínda que se pode utilizar **branco con fondo negro**, xa que é o que proporciona YouTube.

No caso de haber dous interlocutores, o segundo sería **verde con fondo negro**.

Para máis información consultar sempre a guía do proxecto, apartado 1.5. Guía de estilo: Recomendacións para o subtitulado.